



O ESPAZO MUSEÍSTICO DE MUIMENTA

Asociación de Xogos Tradicionais de Muimenta XOTRAMU

Irene Díaz

Noelia Darriba

XOTRAMU é unha asociación máis da parroquia de Muimenta configurada como tal no 2009, ano no que se celebrou a primeira edición da festa de xogos tradicionais de Muimenta. Aínda que o noso principal obxectivo é promover e difundir o patrimonio lúdico galego, tamén nos interesa preservar o patrimonio material e cultural e máis, o que está na nosa vila.

Por esta razón, no ano 2012 empezamos os trámites ata acadar unha concesión de todo o patrimonio que forma parte do Campo da Igrexa Vella pertencente á diocese Mondoñedo-Ferrol.

Grazas a esa concesión por parte das autoridades relixiosas as nosas inqedanzas no eido da recuperación dos bens etnográficos da nosa zona non fixo máis que medrar. A vila de Muimenta é ben coñecida polo seu asociacionismo e polo carácter traballador da súa veciñanza, grazas a iso hoxe en día este lugar reconverteuse nun espazo con diferentes museos e espazos de interese cultural, tradicional e medioambiental.

Pasamos a describir polo miúdo todo o que conforma o conxunto artístico da Igrexa Vella:



Fig. 1. Conxunto artístico da Igrexa Vella.

Museo Pedagógico (antiga escola)

Este edificio, feito no seu momento pola veciñanza, trátase dunha construción de 50 m² e que no seu día acubillou a 80 alumnas e alumnos, concretamente entre os anos 1904-1965. Nese ano as crianzas pasaron á escola unitaria (modelo creado no réxime franquista) e esta quedou abandonada. Polo tanto, estivo en activo durante tres períodos gobernamentais diferentes: Alfonso XIII, II República e durante a Ditadura de Francisco Franco.

O edificio foi rehabilitado grazas a un obradoiro de emprego do Concello de Cospeito e subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar e o Fondo Social Europeo finalizando as súas obras en febreiro do ano 2011.



Fig. 2. Edificio do Museo Pedagógico de Muimenta.

O Museo, tal e como está agora, foi inaugurado no ano 2012 nun bonito acto ao que tamén puideron asistir antigas alumnas e alumnos e incluso unha mestra que deu clases nesta pequena escola.

Dentro pódese observar diferentes tipos de moblaxe escolar e outros materiais cedidos polo Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA) e tamén pola veciñanza que aportou libros, cadernos de escolaridade, encerados ou “pizarras” -como a coñecemos aquí-, que foron gardando como recordo dunha época.



Fig. 3. Museo Pedagógico por dentro onde se ven os diferentes tipos de mobiliario.

Os pupitres son mobles de madeira formados por unha tarima de táboas sobre a que se dispón, por detrás, un asiento -ou un par deles- movibles coas costas montadas nun eixe de madeira para pregalos. Na parte dianteira ten dúas táboas verticais unidas nos extremos cunha tapa fixa de plano inclinado para facilitar a escritura, na que se dispoñen fendeduras para as plumas e buratos para os tinteiros, de cerámica. Baixo a táboa hai un estante corrido e aberto para colocar libros. Na parte baixa preto das patas ten un travesero horizontal.

Ao haber tanto alumnado non todo collía nos pupitres, por iso había bancos ao fondo para o alumnado máis maior e incluso había quen traía o seu propio banquiño da casa para poder sentarse.



Fig. 4. Unha das vitrinas por dentro.

Outra das reliquias que se poden ver dentro no museo son exemplos de Peto de Esmolas. Eran os petos para o DOMUND (Domingo Mundial das Misi3ns, xornada que se celebra desde o ano 1926) empregábanse para recoller axudas econ3micas para soste a labor misioneira da igrexa cat3lica por todo o mundo.

Tam3n chaman moito a atenci3n as cartillas de escolaridade, uns folletos de papel imprimido, agrupado en catro cadernos m3is unha cuberta en cor (verdes ou azuis eran dos nenos e as marr3ns ou rosas das nenas) en papel de gran m3is groso, unidos con d3as grampas no lombo. Tr3tase dun documento no que constaba a vida escolar do alumnado, curso a curso, vixente para todas as escolas primarias desde a Orde Ministerial de 1 de xu3no de 1954, e ata a aprobaci3n da Lei xeral de Educaci3n de 1970. En canto 3 s3a estrutura, contaba cun espazo para a filiaci3n do alumnado, p3xinas para as puntuaci3ns trimestrais, con casas para a media anual e li3as para firma do/a mestre/a e titor/a.



Fig.5. Imaxe de material escolar da 3poca: “pizarra”, malet3n e enciclopedia 3lvarez.

O museo conta con moitos libros, uns antigos cedidos pola veci3anza de cando estudaron nesta ou noutras escolas da 3poca pero tam3n con libros e ensaios que falan do ensino en Galicia e tam3n no resto do estado para axudar a entender o momento hist3rico que se viv3a. Pode resaltarse a *Enciclopedia Intuitiva, Sint3tica y Pr3ctica. Tercer grado*, m3is co3ecida como a enciclopedia 3lvarez, quizais a m3is famosa convert3ndose nunha icona da escola do franquismo, est3 dese3ada para realizar a trav3s dela un ensino memor3stico. Para iso, Antonio 3lvarez -que era mestre- utilizou textos e lecturas sinxelas de reforzo en cada lecci3n, ademais de incorporar debuxos que pod3an ser copiados polo alumnado.

Outro elemento interesante 3 a mesa do mestre, alzada cunha tarima en sinal de autoridade. Nela p3dense ver elementos t3picos como o braseiro de ferro, un recipiente no que se coloca un combustible s3lido que arde en forma de brasa e que serv3a para quentarse os d3as de fr3o. O braseiro col3case baixo a mesa do mestre para beneficio principal del. Para acender o lume empreg3base un instrumento met3lico chamado badil. Dita mesa tam3n conta cun exemplo de globo terrestre empregado nas clases de xeograf3a, non s3 para ilustrar a forma e partes da Terra, sen3n tam3n para calcular a lonxitude e latitude dun determinado lugar, ou calcular a hora en calquera lugar da terra a partires doutro lugar no que se co3ece.

O encerado era e segue sendo un elemento moi importante dentro das aulas. Presente desde o s3culo XVIII ata a actualidade, o encerado constit3e unha ferramenta did3ctica de apoio 3 comunicaci3n oral, permitindo ilustrar as explicaci3ns do profesorado e situalas de xeito coherente, ordenado e sint3tico. Asemade, 3 empregado polo alumnado, o que permite observar a s3a actividade e tutelar a s3a aprendizaxe paso a paso. Na parte baixa do encerado at3panse os xices, o borrador e algunhas regras ao seu car3n.

Outro elemento interesante 3 o horario escolar que hab3a na 3ltima 3poca da escola, no que podemos co3ecer que a hora de entrada era 3s 09.00 cun sa3do e oraci3n, seguido da revisi3n de aseo para logo dar paso 3s diferentes materias que hab3a: lectura, artes e oficios, historia, xeograf3a, gram3tica, ximnasia, debuxo, ciencias naturais ou historia sagrada. Hab3a clases de luns a s3bado, descansando o domingo; certo 3, que as crianzas non 3an todos os d3as, o primeiro eran as labores da casa.



Fig. 6. Mesa do mestre.

No fondo hai unha mesa de labores: coser, calcetar, etc. propio da educaci3n das nenas. Cabe recordar que na escola franquista a socializaci3n diferencial era unha obriga. Atopamos en Mayordomo (1999) que Pilar Primo de Rivera afirma o seguinte:

«A muller ten a obriga de co3ecer todo o que poderiamos chamar parte feminina da vida; ciencias dom3sticas 3 quizais o teu bacharelato. Un arquitecto non pode ser bo se non debuxa ben; un enxe3eiro, sen co3ecementos de matem3ticas, ser3a un fracaso; coas mulleres ocorre o mesmo: a s3a base fundamental 3 a casa; guisar, pasar o ferro, zurcir, etc. Hai moitos outros problemas que nun momento dado, debes resolver, polo tanto, d3bese adestrar para eles» (Agull3, 1999, p. 259).

E colgados est3n a cadea e escuadra de agrimensor que serv3a para medir as fincas. Curioso 3 a escuadra de agrimensor sendo un instrumento topogr3fico, orixe do bisel, que consta de catro alidades, coas que se pod3an marcar no terreo ali3aci3ns en 3ngulo recto e semirrecto.



Fig. 7. Mesa de labores e aparellos de medición colgados na parede.

Museo das zocas (Adro da Igrexa Vella)

Foi inaugurado no ano 2019 e está situado no adro da Igrexa. Nas parroquias galegas o adro era o lugar tradicional de reunión semanal dos veciños para tratar os asuntos da parroquia. Foi o enclave perfecto para retratar un oficio moi estendido na nosa zona.



Fig. 8. Edificio onde está situado o Museo das Zocas.

O oficio de zoqueiro, que agora nos parece algo relativo ao folclore, foi na súa época un auténtico traballo artesá. No noso pobo foron moitos os veciños que viron neste oficio unha maneira de sumar a súa economía xa que permitía uns ingresos extras ás prácticas habituais de gandería e agricultura de subsistencia. Algúns dos zoqueiros eran veciños da zona, dos cales se pode coñecer un pouco máis da súa historia nuns paneis situados á dereita do museo.



Fig. 9. Paneis informativos coa vida dalgúns dos zoqueiros da contorna.

Os mestres zoqueiros levaban a cabo cada paso da elaboración do seu produto, dende a escolla da madeira (case sempre madeira de bidueiro ou ameneiro) ata a decoración final da peza. Cada zoca era única e moi valiosa xa que se usaba a diario.



Fig. 10. Detalle do Museo das Zocas.

O banco de zoquear (coñecido como “ripeiro”) era o lugar de traballo, consistía nun tronco de madeira suficientemente groso e catro pés, de madeira tamén, que puideran termar do tronco. Cada zoqueiro facía o seu propio “ripeiro” á súa medida e atendendo ás súas necesidades, a colocación das ferramentas, aínda que moi parecida, era algo que cada quen poñía ao seu gusto. Nel estaban todas as ferramentas precisas para a elaboración das zocas: aixolas, alegres, cepillos, trades, gubias, coitelos, “repiniscos”, etc.

As zocas facíanse cun anaco de madeira axeitada, arrasada cun pequeno machado e cortada con coitelos. Coa aixola dábase forma e o interior baleirábase con gubias e trades. Todas as ferramentas e vocabularios específicos deste traballo están recollidos aquí como forma de preservar esta parte do noso patrimonio.



Fig. 11. Banco das ferramentas e cesta para ir polas casas zoquear.

Antigamente os zoqueiros mesmo traballaban a domicilio, indo de casa en casa para preparar as zocas que toda a familia precisaba para a tempada. Para iso, levaban unha cesta (coñecida como esporta) con todas as súas ferramentas e aparellos de traballo.



Fig. 12. Detalle do Museo das zocas.

No museo tamén se pode ver unha selección de zocas, a modo decorativo, cedidas por veciños como mostra de toda a variedade de modelos e feitura que pode haber: antigas, de caña, modernas, de decoración, para crianzas, de muller, home, etc.

Tamén observarás un carro propio da Terra Chá (moi popularizado por Manuel María) cos nomes de todas as partes tal e como lle dicimos na comarca.



Fig. 13. O carro da Terra Chá.

Igrexa Vella

Foi a Igrexa do pobo de Muimenta ata 1991, ano no que empeza a funcionar a “nova” quedando esta ao amparo da auga e do vento. Fixeron falta moitos traballos de rehabilitación iniciados en gran parte por Manuel Vila (presidente de XOTRAMU) coa colaboración da veciñanza, a maioría xubilada. Grazas a esa labor comunitaria gozamos hoxe deste espazo cheo de cultura e tradición.



Fig. 14. Igrexa antes de arranxar.

A historia deste edificio remóntase a o ano 1135, ano no que Alfonso Gutiérrez doa ao Monasterio de Lourenzá todas as súas herdanzas en Muimenta como compensación aos danos que el mesmo causara rendendo os lugares de “Ripa Mineo” e “Vilar de Erigo”.

Parece que o templo primitivo estivo situado no lugar de Cimadevila sufrindo importantes reformas en diversas épocas, aínda que a estrutura das súas portas parece ser de tradición románica.

A nave é rectangular con teitos de madeira a dúas vertentes, a porta principal leva unhas machetas xeométricas e sobre elas un lintel liso, ao igual que a porta do muro sur, onde no alto, ábrese unha ventá rectangular. O muro frontal está feito de pedras pequenas, a excepción dos esquinais que son de granito. A espadana está feito de granito, tendo un só oco rematado nun arco de media punta, aséntase sobre unha cornixa que alza todo o muro e coroase con outra sinxela cornixa en ángulo que cobre ambas vertentes, levando unha cruz na cúspide. O presbiterio, máis ou menos cadrado está adornado en cada esquina exterior cunha “acrótera” de base cúbica e remate piramidal ao igual que no seu centro. Mentres que a sancristía está detrás do presbiterio, é máis baixa que este e con teito a tres augas.

A estrutura da Igrexa é sinxela e de vertente triangular, unha mostra do seu gran primitivismo.



Fig. 15. Altar situado no interior da igrexa.

Hoxe en día, esta igrexa está reconvertida en espazo de intercambio social e cultural para concertos, presentacións de libros, exposicións fotográficas, proxeccións e outras.



Fig. 16. Concerto de Sés no ano 2016.

O Cruceiro

No medio da explanada levántase un cruceiro do século XIX con un pedestal monolítico que se asenta sobre unha base de triplo chanzo. O fuste é de sección poligonal con un capitel de imitación xónica que leva en cada un dos seus catro lados unha cabeza esculpida en relevo onde descansa a cruz de pedra con Cristo por un lado e a Dolorosa por outro.



Fig. 17. Detalle superior do cruceiro da Dolorosa.

Árbores senlleiras de Galicia

Rodeando estes lugares están as cinco árbores centenarias, recollidas recentemente dentro do Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

O 19 de febreiro do ano 2013 iniciouse ante a Xunta de Galicia o expediente de solicitude de inclusión destes catro carballos e freixo no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*. A súa aprobación está descrita na publicación no DOG do 7/12/2017.

Estes catro carballos e freixo centenarios constitúen, un enclave no que se pode gozar do patrimonio tanto medioambiental como histórico, que os nosos antergos nos encomendaron manter e preservar para as vindeiras xeracións.

Poetas como Xosé Crecente Vega, adicaron parte dos seus escritos a resaltar a importancia destas árbores e algúns dos seus poemas pode verse e lerse neste enclave.



Fig. 18. Poema de Xosé Crecente Vega.

Bibliografía

Agulló Díaz, M^a del C., (1999). Azul y Rosa. Franquismo y educación femenina. En: Alejandro Mayordomo (coord). *Estudios sobre la política educativa durante el franquismo*. Valencia: Universitat de Valencia, pp. 243-295.